

UGT e CCOO CONVOCAN MOBILIZACIÓNS EN TODA ESPAÑA O DÍA 26 POLA REDUCIÓN DA XORNADA LABORAL ATA AS 37,5 HORAS

Redacción.- UGT e CCOO concretaron as accións que levarán a cabo durante a campaña de mobilizacións a favor da redución da xornada laboral ata as 37,5 horas semanais. Co fin de humanizar as relacións laborais e mellorar a vida das persoas, os dous sindicatos maioritarios convocan concentracións diante das sedes da patronal de todas as capitais de provincia para o día 26 de setembro.

Da redución da xornada laboral ata as 37,5 horas sen diminución no salario beneficiaríanse case 13 millóns de persoas traballadoras do sector privado. Para UGT, é o momento de ir a unha redución de xornada por lei en España porque pasaron máis de 40 anos desde que se instaurou a xornada laboral de 40 horas, pero ese non é o único motivo.

De feito, esta medida é unha cuestión de xustiza social que contribuírá a que a riqueza que xera o país se reparta dunha maneira máis equitativa. Para os sindicatos, é vital traballar menos para traballar mellor. Porque está demostrado que traballar menos horas ten un impacto positivo na saúde física e mental. Do mesmo xeito, as empresas beneficiaríanse en termos de custos e continuidade do traballo. Porque traballar menos horas é importante para lograr máis produtividade. De feito, a redución da xornada laboral ten tamén un impacto directo na economía do país, así como no medio ambiente e no obxectivo de lograr avances en igualdade de xénero.

26 de setembro de 2024

Pola REDUCIÓN do tempo de traballo

37,5h



LOCALIDADE	HORA	LUGAR
A CORUÑA	11:30	DIANTE DA CEC (CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA) PRAZA LUIS SEOANE
LUGO	11:30	DIANTE DA CEL (CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LUGO) PRAZA DE SANTO DOMINGO
OURENSE	12:00	DIANTE DA CEO (CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE OURENSE) PRAZA DAS DAMAS
VIGO	11:30	DIANTE DA CEP (CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA) AVDA. GARCÍA BARBÓN 104

BAIXAR OS TIPOS E AUMENTAR SALARIOS É ESENCIAL PARA LOGRAR UN CRECEMENTO REAL

UGT considera que é necesario propiciar unha nova fase expansiva da economía europea

Redacción.- O IPC do mes de agosto, publicado polo INE, sitúa a inflación anual nun 2,3%, cinco décimas por baixo da rexistrada o mes pasado e o valor máis baixo desde xullo de 2023. Desta maneira, por terceiro mes consecutivo, a taxa xeral diminúe, esta vez como consecuencia da baixada dos prezos dos carburantes e dalgúns alimentos. Polo tanto, a media da taxa anual do IPC no que vai de ano cífrase no 3,1%.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, é dicir, sen incluír os bens enerxéticos nin os alimentos non elaborados, redúcese unha décima respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 2,7%. Con iso, diminúe por segundo mes consecutivo, aínda que o fai moi moderadamente.

No que respecta aos incrementos anuais máis destacados durante este mes,

destacan o aceite de oliva (25,1%), os voos nacionais (21,1%) e o chocolate (16,9%). En sentido contrario, os equipos de telefonía móbil (-11,7%), os combustíbeis líquidos (-9,8%) ou o gasóleo (-9%) rexistran os descenso de prezos máis sinalados.

Nun ano 2024 no que o crecemento dos prezos na Eurozona seguiu unha senda clara de desaceleración, o BCE decidiu comezar (por fin) en maio un descenso dos tipos de interese, que foi ratificado esta semana. UGT sinalou en reiteradas ocasións a necesidade de rebaixar os tipos de interese para facilitar o acceso ao crédito para empresas e familias, para propiciar unha nova fase expansiva da economía europea con crecementos do PIB superiores aos que se están rexistrando.

Doutra banda, en materia salarial, e seguindo os criterios do VAENC, a negociación colectiva está a responder cun au-

mento nos convenios rexistrados en 2024 que alcanza o 4%, case un punto por encima da media que se incrementou o nivel xeral dos prezos. Tamén se segue producindo un incremento significativo nas marxes de beneficios, responsables en gran medida do repunte inflacionista dos anos anteriores, e que, segundo o Observatorio de Marxes, na primeira parte do ano sitúanse no 13,1%, 6 décimas máis que hai un ano.

En definitiva, hai dous factores crave a ter en conta para poder situar o IPC no seu contexto. Un deles é a evolución dos tipos de interese, para ver a resposta dos prezos ante o descenso que anuncia o BCE e, doutra banda, o progreso dos salarios para lograr un crecemento real, isto é, ganancias de poder de compra para os asalariados e as asalariadas. Só se se producen estes feitos o benestar das persoas traballadoras mellorará e o crecemento económico será significativo no curto e medio prazo.

DENTRO DA CAMPAÑA DE UGT FICA GALICIA DE FOMENTO DE HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES NA INDUSTRIA ALIMENTARIA, TIVO LUGAR UN ALMORZO SAUDABLE EN CONSERVAS CERQUEIRA S.A. (PAY PAY) EN VIGO

Redacción.- Este martes celebrouse un almorzo saudable, dentro da campaña de hábitos de vida saudables na industria alimentaria desenvolvida por UGT FICA Galicia, en Conservas Cerqueira S.A. (Pay Pay), empra- zada en Vigo.

O calendario de visitas iniciouse xa no mes de xullo e continuará co obxectivo, de aquí a finais da campaña, de chegar ao máximo número de empresas posibles da industria alimentaria galega, conserveiras, empresas de elaborados de peixe, cárnica, matadoiros, granxas, lácteos, entre outras.

Hai que subliñar que o fomento de hábitos de vida saudables está intrinsecamente relacionado co traballo saudable, para o cal, hai que impulsar un plan de actuación coordinado e co esforzo común entre traballadores e a dirección das empresas, para que promovan estas tamén a saúde e previr así enfermidades. Con isto, ao promover estilos de vida saudables, as empresas non só aumentan a satisfacción e o compromiso dos empregados, senón que tamén melloran o seu rendemento e produtividade.

Concretamente, a campaña, financiada polo Xunta, consiste na elaboración dun díptico e carteis informativos, onde se explica

como adaptar o corpo para a xornada laboral, como minimizar os riscos no traballo, aconséllanse exercicios para finalizar a xornada laboral e danse recomendacións para un estilo de vida saudable, como unha dieta equilibrada, actividade física diaria, descanso, evitar hábitos tóxicos, gozar de tempo libre e de ocio, manter un bo estado de saúde xeral e coidar a saúde mental.

Acompañado isto da programación de xornadas de presentación da campaña e divulgación nas empresas, xunto coa celebración de almozos saudables nos seus comedores, como un xeito de exemplificar o que debería ser unha primeira comida do día saudable para afrontar unha xornada en mellores condicións. Ademais, os dípticos e carteis informativos están a ser entregados ás direccións das empresas para solicitar a súa colaboración na difusión dunha campaña que beneficia a todos e todas.

Non se pode esquecer que na industria alimentaria, polas súas características produtivas, as tarefas repetitivas, bipedestación e sobreesforzos son moi comúns, polo que o co-



recto manexo dos riscos que isto acarrea é fundamental para evitar trastornos musculoesqueléticos que producen ausencias ou baixas laborais.

Está demostrado que coa práctica dunha serie de exercicios antes de comezar a xornada; durante a mesma, mantendo unha serie de posturas, facendo as pausas necesarias, manexando correctamente as cargas e cunha correcta hixiene ergonómica; e, despois, facendo unha serie de exercicios de estiramento, poden previr ou diminuír, e moito, certas lesións e trastornos musculoesqueléticos, como tendinitis, síndrome do túnel carpiano, ciática...

VISITA DA SUBDELEGADA DO GOBERNO NA CORUÑA Á FUNDACIÓN LUÍS TILVE

Redacción.- Este mércores, 11 de setembro, a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, visitou a sede da Fundación Luís Tilve en Santiago para interesarse polo seu traballo e o seu arquivo histórico do movemento obreiro, cuxos fondos están considerados patrimonio histórico documental galego, segundo a Lei de Arquivos e Documentos de Galicia.

Durante a visita, Rivas, que foi recibida polo presidente, José Benito Núñez, e o secretario da Fundación, Roxelio Pérez, puido coñecer de primeira man algúns dos documentos máis relevantes que se conservan no Arquivo, como as cartas de Pablo Iglesias, Francisco Largo Caballero, Wenceslao Carrillo ou Heracleo Botana, entre outros; así como as publicacións máis antigas, obras datadas de entre 1901 e 1920, e revistas e boletíns da clandestinidade e o exilio. O director do Arquivo, Guillermo Pérez, que exerceu de guía, mostroulle tamén as últimas aplicacións informáticas, que permiten consultar os fondos da Biblioteca (<https://fundacionluistilve.biblio.gal/>) e os fondos do arquivo ([\[ciana.gal/arpadweb/gal/iniicio/iniicio.do\]\(https://arquivo.gal/arpadweb/gal/iniicio/iniicio.do\)\), integrados nos sistemas de arquivo e bibliotecas de Galicia, respectivamente, a través de internet.](https://arquivo.gali-</p></div><div data-bbox=)

A subdelegada mostrou especial interese nos traballos que a Fundación ven desenvolvendo na recuperación da memoria histórica e a restitución da dignidade das vítimas, coa dixitalización de consellos de guerra no Arquivo Militar de Ferrol e a recuperación das biografías dos represaliados que militaban en UGT e o PSOE, manifestando a importancia que para o Goberno teñen as políticas de memoria, como demostrou a aprobación da Lei de Memoria Democrática, e a súa preocupación porque estas se leven a cabo tamén en Galicia, lembrando que dende o ano 2020 a Secretaría de Estado de Memoria Democrática leva financiadas numerosas actividades na nosa autonomía, entre as que destacan as exhumacións para recu-



perar os corpos das vítimas que aínda seguen enterradas en cunetas e fosas comúns, para que as súas familias poidan darlle un enterro digno. Tamén subliñou a importancia de loitar contra o esquecemento histórico, pois "é un deber moral fortalecer a nosa memoria colectiva para neutralizar o esquecemento, só aprendendo do noso pasado podemos evitar repetilo".

María Rivas animou á Fundación a continuar coa súa labor, poñendo en valor os valiosos fondos documentais que esta alberga e os traballos publicados, fundamentais para coñecer a nosa historia.

UGT CONSIDERA QUE O REAL DECRETO SUPÓN UN AVANCE NA DIRECCIÓN CORRECTA PARA PROTEXER AO COLECTIVO, PERO A REGULACIÓN DAS EMPREGADAS DO FOGAR E DO COLECTIVO DA AXUDA A DOMICILIO DEBERÍA ESTAR RECOLLIDA EN NORMATIVAS DIFERENTES

O sindicato lembra que as persoas que traballan na axuda a domicilio para empresas especializadas na prestación destes servizos contan con representación sindical e teñen acceso á negociación colectiva

Redacción.- O novo Real Decreto que o Goberno aprobou este martes ten como obxectivo cumprir co Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo (OIT). É un acordo que busca mellorar as condicións laborais das empregadas do fogar, un colectivo composto maioritariamente por mulleres, a inmensa maioría delas inmigrantes. Estas traballadoras encárganse do coidado do fogar e tamén de persoas maiores e de nenos e nenas.

Un dos retos que afrontou este decreto foi atopar un equilibrio entre o dereito constitucional á inviolabilidade do domicilio e as responsabilidades dos empregadores respecto á saúde e seguridade das persoas que traballan nos seus fogares. O Real Decreto tenta implementar medidas que non impoñan unha carga económica ou administrativa excesiva ás familias empregadoras.

Con todo, desde o punto de vista da Unión Xeral de Traballadoras e Traballa-

dores (UGT), aínda que o decreto cobre adecuadamente as obrigacións cara ás empregadas do fogar, existe un problema ao incluír na mesma regulación ao colectivo da axuda a domicilio. Este grupo traballa para empresas especializadas na prestación destes servizos, conta con representación sindical e ten acceso á negociación colectiva.

UGT quere destacar que as condicións laborais deste grupo, ao estar reguladas pola lexislación común e un convenio colectivo propio, deberían separarse deste Real Decreto, deixando o desenvolvemento normativo en mans da autonomía colectiva a través da negociación entre as empresas e os sindicatos do sector.



En calquera caso, consideramos este decreto un avance na dirección correcta para protexer a un colectivo historicamente vulnerable e con condicións laborais precarias. Xunto con medidas adoptadas en 2022, como a inclusión destes traballadores no Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) e o acceso ao desemprego, esta normativa contribúe á dignificación do seu traballo.

UGT RECLAMA QUE A PREVENCIÓN DO SUICIDIO SEA UNHA PRIORIDADE TAMÉN NA CONTORNA LABORAL

Existe unha clara influencia do traballo na saúde mental, polo que unhas boas condicións laborais son indispensables para reducir a incidencia dos problemas mentais entre a poboación traballadora

Redacción.- 3.952 persoas suicidáronse en España en 2023. En total, 1.255 persoas ocupadas suicidáronse, das que 283 eran persoas traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores; 210 tiñan ocupacións elementais e 193 eran artesáns/as e persoas traballadoras cualificadas das industrias manufactureiras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria). Existe unha clara influencia do traballo na saúde mental, polo que unhas boas condicións laborais son indispensables para reducir a incidencia dos problemas mentais entre a poboación traballadora.

Aínda que os trastornos mentais son o principal factor de risco asociado ao suicidio, poden influír outros como, por exemplo, as cuestións relacionadas co traballo ou as adicións. De feito, certas profesións relaciónanse cun maior risco de suicidio, como aquelas nas que hai un maior acceso a armas, medicamentos ou substancias químicas.

O suicidio pode chegar a considerarse como accidente de traballo se se proba a rela-

ción entre as condicións laborais e o propio suicidio. Recentemente, no noso país, o Tribunal Supremo recoñecía como accidente de traballo o suicidio dun traballador dunha cadea de supermercados en Cantabria. O caso dun traballador de Madrid que se suicidou por estar sometido a situacións de elevado estrés laboral tamén foi considerado como accidente laboral.

Isto non só pasa en España. Un dos casos con maior repercusión foi o da empresa francesa France Telecom. Esta compañía foi condenada pola Xustiza debido ao suicidio de ata 19 persoas traballadoras do seu persoal. En Xapón acuñouse o termo "karojisatsu" para os casos de suicidios de persoas traballadoras polo exceso de traballo. A prevención de riscos laborais de orixe psicosocial e organizativa tórnase esencial para evitar estes casos de suicidios. Desde UGT lembramos que as empresas deben realizar a avaliación de riscos e aplicar as medidas preventivas derivadas dos resultados da devandita avaliación. Debería reducirse o estrés laboral, crear un bo clima laboral libre de acoso e violencia e ademais deberíase tra-

ballar na desestigmatización dos problemas de saúde mental.

Pero a protección da saúde mental das persoas traballadoras debe mellorarse, por iso, desde UGT levamos tempo reivindicando unha normativa diferenciada para a exposición aos riscos psicosociais de orixe laboral, ademais da actualización da listaxe de enfermidades profesionais española para que inclúa as patoloxías derivadas da exposición a este tipo de risco, como xa recolle a listaxe da OIT desde 2010. Doutra banda, negociar protocolos contra a violencia e o acoso laboral entre a empresa e a representación legal das persoas traballadoras é unha ferramenta esencial para evitar situacións que poidan afectar á saúde mental e chegar a desencadear unha patoloxía ou mesmo o suicidio. Desde UGT elaboramos un modelo adaptable que pode descargarse na web. Implementar plans de prevención e acompañamento en materia de adicións é algo que axudaría a reducir o número de suicidios, xa que unha persoa con algún problema de adicións ten un maior risco de suicidarse.